



IMPRESO SIN DIRECCIÓN	
ESPAÑA	FRANQUEO PAGADO
	Aut. n.º 150.493



Gran asistencia á recreación da histórica Batalla de Ponte Ledesma

O campo do río de Ponte Ledesma foi escenario o pasado domingo 6 de agosto da recreación da histórica “Batalla de Ponte Ledesma”, organizada polo departamento de Cultura do Concello de Boqueixón.

O evento consistiu na representación da batalla que

nos primeiros días do mes de marzo de 1809 confrontou ao exército de Trasdeza (conformado na súa grande maioría polos labregos da zona de Boqueixón, Vila de Cruces e Silleda, liderados polo capitán Benito Martínez, membro do tamén histórico batallón Literario

de Santiago) e o exército de Napoleón, e que se saldou coa vitoria veciñal.

Na recreación participou a veciñanza de Boqueixón, así como os “franceses” da asociación de Heroes de Casal do Eirixo (Valga), todos eles dirixidos polo actor Suso Martínez e o músico

Manoel de Felisa.

A representación tivo moi boa acollida polo público e a organización agradeceu a cada un dos participantes nesta recreación o seu traballo e a colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
04-set	17-set	Sergude	Campo da festa de San Bieito
18-set	01-out	Lestedo	Campo da Festa
02-out	09-out	Lamas	Campo da Festa

A rapazada do proxecto de dinamización CReA aprende a importancia do noso

O Departamento de Xuventude do Concello de Boqueixón vén de rematar con éxito o proxecto de dinamización xuvenil "CReA", unha iniciativa dirixida a rapaces e rapazas de entre idades comprendidas entre os 12 e 15 anos.

Unha iniciativa desenvolvida ao longo de catro semanas e por medio de catro temáticas diferentes, que incluíron actividades propostas tanto polo monitorado como pola rapazada. Compaxinouuse deste xeito o aproveitamento do tempo libre cunha educación ambiental e cultural da man, facendo que esta fose máis atractiva para a rapazada, que aprendeu a poñer en valor o patrimo-



O alcalde, Ovidio Rodeiro, visitou á rapazada participante no proxecto CReA

nio natural e cultural do noso municipio.

Saída a Codeso

Ademais da programación principal, realizáronse saídas tendo en conta os

intereses lúdicos dos nenos e das nenas, promovendo así que fosen eles e elas as que tomasen a decisión.

Entre as saídas que se realizaron estivo a Ferven-

za de Codeso, onde realizaron un roteiro no cal tiveron que superar diferentes probas. Como complemento ás probas, participaron nun *escape room* ao aire libre coa temática do Camiño de Santiago ao seu paso por Boqueixón.

A outra saída, proposta neste caso polas persoas participantes, tivo como destino o Aquapark de Cerceda, onde pasaron unha xornada lúdica.

Ademais, realizouse unha velada intercultural coas persoas participantes no campo de Voluntariado de Boqueixón: unha cea intercultural e despois houbo unha velada tematizada na cal o grupo o CReA participou xunto co grupo de voluntariado.

Aberta a inscrición nos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscrición nos cursos de inglés 2023/2024 a partir do 4 de setembro. As clases terán lugar no CPIP Antonio Orza Couto, de outubro a xuño.

O curso está dirixido a alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria; así como mozos e mozas a partir de 16 anos (incluídos), grupos A2, B1 e B2. Terán preferencia o alumnado matriculado no curso 2022/2023 e as

persoas empadroadas en Boqueixón ou escolarizados nun centro educativo do municipio. As clases terán unha duración de dúas horas por semana, ben repartidas en dous días ou de forma continua. Os grupos estarán compostos por un mínimo de 6 alumnos.

Para anotarse haberá que enviar unha ficha de solicitude, preferentemente de forma telemática a través da sede electrónica municipal. A

documentación deberá ser incluída no apartado "solicitude xeral". Tamén se pode presentar de xeito presencial por Rexistro (con cita previa no 981 51 30 52). Finalizado o prazo de inscricións, publicarase na web municipal a lista provisional de admitidos/as. No caso de que quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes, segundo rexistro de entrada.

O prezo do curso é de 30€/mes e o Concello

de Boqueixón establece descontos do 25% para o segundo fillo e do 50% para o terceiro (os sucesivos son de balde). O pago farase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria e non se reintegrará ningún importe sen causa xustificada. As baixas deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior.

Máis información no teléfono 981 513 115 ou no correo electrónico cultura@boqueixon.gal.

O Concello acomete a limpeza de todas as fontes, contedores e marquesiñas



O Concello de Boqueixón aproveitou estes meses de verán para acometer a limpeza de gran parte do seu mobiliario urbano. Uns traballos que deron comezo a finais de xullo co lavado e desinfección dos máis de setecentos contedores de lixo cos que conta o municipio, unha tarefa que se estendeu durante a primeira quincena de agosto.

Unha vez rematada al impeza dos contedores, o Concello acometeu a limpeza das 55 fontes e lavadoiros espallados polas catorce parroquias do municipio, que deron un cambio moi significativo como se pode ver nas imaxes dos lavadoiros de Donas e Castro-Oural.

Finalmente, o Concello vén de comezar o lavado das máis de 70 marquesiñas existentes en Boqueixón onde, compre lembrar, non está permitido pegar carteis.



Avanzan con éxito as obras no CFEA de Sergude

O conselleiro do Medio Rural, José González, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, coñeceron os avances nas obras da primeira fase de mellora e ampliación do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (CFEA) de Sergude.



Comezan as obras da pasarela cuberta no colexio do Forte

As obras de mellora do CPIP Antonio Orza Couto avanzan a bo ritmo. Nos últimos días comezouse co encofrado no que se vai asentar a pasarela cuberta que comunicará a entrada do centro de infantil co comedor, respondendo así ás demandas das familias.



Maxia, cultura e tradición uníronse na Noite Velada

O campo do río de Ponte Ledesma acolleu unha nova edición da Noite Velada, que encheu de luz o río nun evento que aúna lecer, tradición e cultura baixo unha ponte histórica que volveu alumearse coas candeas e teas.

A música puxérona De Ninghures e os locais Roi-bén e Raeira, da A.C. Mestre Manuel Gacio. A iniciativa contou cunha gran acollida da veciñanza.



O arcebispo de Santiago visita Loureda cincuenta anos despois

Cincuenta anos despois, a Igrexa de San Pedro, na parroquia de Loureda, volveu recibir a visita dun arcebispo de Compostela. Monseñor Francisco José Prieto oficializou unha misa na honra a San Antonio e San Roque, que por primeira vez saíron de xeito conxunto.



Homenaxe a Carme Mareque Picón no seu cen aniversario

Carmen Mareque Picón, veciña de Deseiro de Arriba (Sergude), celebrou o seu cen aniversario o 27 de agosto cunha gran festa coa familia e amizades. O alcalde, Ovidio Rodeiro, e os concelleiros Manuel Fernández e Ángela Conde, entregáronlle un ramo de flores.

O Concello propón a UFD melloras nas liñas e o soterrado de tramos

O alcalde, Ovidio Rodeiro, acompañou ao delegado de UFD na Coruña, Emilio Castro, ao xefe de Operacións de Santiago, Fernando Fernández, e ao xefe territorial da Consellería de Economía, Isidoro Martínez, nunha visita ás obras de mellora da calidade de subministro eléctrico que se están executando en Boqueixón. UFD investiu 100.000 euros na ampliación da capacidade da rede de baixa tensión en Ardilleiro, onde adecuará o centro de transformación para mellorar a calidade e seguridade do subministro eléctrico na parroquia da Granxa.

Castro destacou que “a inversión realizada é unha proba máis do compromiso desta compañía co desenvolvemento enerxético de Boqueixón, xa que esta actuación aumentará a capacidade da rede de distribución do municipio,



O alcalde visitou as obras xunto ao delegado de UFD na Coruña

ademais de mellorar a fiabilidade do subministro eléctrico e minimizar os tempos de resposta ante calquera incidencia no municipio”.

Propostas

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro explica que “estivemos en distintas parroquias do concello para

revisar o estado das liñas eléctricas de Naturgy, acompañados polos seus responsables en Galicia e polo xefe territorial da Consellería de Industria. Propuxemos unha serie de actuacións para mellorar a calidade do servizo, como soterrar algúns tramos e cambiar algún tendido no que o cable inda está núdo”.

Roteiro guiado para visitar o Pico Sacro o sábado 16 de setembro

O GDR Terras de Santiago organiza un roteiro para visitar o Pico Sacro o sábado 16 de setembro, a partir das 10:00 horas. Trátase dun camiño duns 8 km, de dificultade media (desnivel de 300 metros) e que se fará en 4 horas. O prezo é de 5 € por persoa (crianzas ata 12 anos de balde, cun máximo de 2 por adulto). Para grupos, de entre 4 e 8 persoas, prezo especial de 4€ que inclúe seguro de responsabilidade civil de accidentes, guía oficial e roteiro guiado.

Este é o segundo dos dez roteiros que Terras de Compostela organiza para coñecer a comarca. Máis información e inscricións en: <https://www.reservaonline.support/terrasdecompostela/index.html>



O deporte boqueixanés inicia o cambio a luminarias LED

O Concello vén de iniciar a contratación dunha obra para cambiar a iluminación nos campos de fútbol de Camporrapado e o Forte, no ximnasio municipal e nos polideportivos de Lestedo e O Forte. O proxecto conta cunha axuda de 136.612 euros da Xunta de Galicia e suporá un menor gasto enerxético para as arcas municipais e unha mellora na súa eficiencia.

Derradeiras baixadas ás covas do Pico Sacro por este ano

Os sábados 9 e 23 de setembro serán as derradeiras oportunidades para participar nas baixadas espeleolóxicas ao Pico Sacro, organizadas polo Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía. Inscricións en www.espeleoloxia.org/web/visitapicosacro/.

Entre os últimos en baixar no mes de agosto había un equipo da TVG, polo que podes ver a reportaxe no noso Facebook.



CONCILIACIÓN ACTIVA CURSO 2023/2024 PLAN CORRESPONSABLES

Madrugada Boqueixón

Servizo de acollida, almorzos no seu caso, coidado e vixilancia da rapazada antes do cozeo das clases.

Os almorzos, por conta propia, poden tomarse no propio servizo ou ben vir almorzados.

Iníciase a nova etapa escolar e o Concello de Boqueixón vai poñer en marcha, como todos os anos, os programas de conciliación Madrugada Boqueixón e Tardes Educativas e de Lecer.

Dirixido a: alumnado de infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, empadroados no Concello de Boqueixón e/ou alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

Duración: curso 2023 - 2024.

Lugar: CPI Antonio Orza Couto.

Horarios:

• **Madrugada Boqueixón:** De 07:30 a 09:00 horas, de

Tardes educativas e de lecer

Este programa ofrece dous servizos en espazos diferenciados para atender as necesidades da rapazada participante.

Servizo de acompañamento escolar: as/os alumnas/os realizarán as tarefas escolares diarias, con vixilancia e apoio de monitorado especializado.

Servizo de ocio e lecer: onde os/as escolares participarán dun programa de xogos, obradoiros, actividades deportivas....

luns a venres.

• **Tardes Educativas e de Lecer:** De 15:30 a 18:30 horas, de luns a venres.

Inscricións:

As solicitudes de participación nos servizos ofertados serán publicados na páxina web do Concello, figurando as fichas de inscrición ano 2023 - 2024 e as bases dos servizos.

As fichas de solicitude e a documentación obrigatoria presentaranse a través da sede electrónica do Concello ou presencialmente no Rexistro xeral municipal.

Máis información no Concello de Boqueixón (www.boqueixon.gal), por teléfono no 981 51 30 61 ou no 981 51 31 15 e/ou por correo electrónico en cim@boqueixon.com.



Festas na honra o Perpetuo Socorro en Gastrar

A banda de música de Santa Cruz de Ribadulla foi encargada de poñer a nota musical ás Festas na honra o Perpetuo Socorro celebradas o pasado 13 de agosto en Gastrar, que incluíron misa solemne e sesión vermú con verbena.



“The Guardian” escolle O Balado como un dos mellores restaurantes

O restaurante O Balado, que comandan en Boqueixón Marta Fernández e Roberto Filgueira, vén de ser escollido polos lectores do xornal británico “The Guardian” como un dos seus locais favoritos en España.

ACTIVIDADES DE CULTURA E BENESTAR PARA ADULTOS. CURSO 2023/2024

Dirixido a: poboación adulta.

Duración: de outubro 2023 a xuño de 2024. Non haberá actividades os días festivos.

Prazas:

Requírese un grupo mínimo de 10 participantes. No momento que o grupo quede reducido a menos de 8, anularase o grupo.

Prazas limitadas con preferencia dos empadroados en Boqueixón. As prazas cubriranse por orde de rexistro de entrada ata completar grupo. Coas restantes solicitudes crearase unha lista de reserva que se irá incorporando á actividade na mesma orde.

Inscripcións:

- Presentación de forma telemática da ficha de inscrición que figura na web municipal (sede electrónica do concello) ou de xeito presencial no rexistro municipal.

- **O prazo de solicitude remata o 22 de setembro.** Unha vez finalizado o prazo de inscricións, poderán incorporarse novos participantes no caso de quedar prazas vacantes.

ACTIVIDADE	ESPAZO	DÍA E HORA
Novas Tecnoloxías I	Aula do Forte	Martes, de 15:30 a 17:00 horas
Novas Tecnoloxías II	Aula do Forte	Xoves, de 10:00 a 12:00 horas
Novas Tecnoloxías I	Aula de Lestedo	Venres, de 10:00 a 11:30 horas
loga I	Aula Camporrapado	Mércores, de 20:00 a 21:00 horas
loga II	Ximnasio	Venres, de 20:00 a 21:00 horas
Memoria	Aula de Lestedo	Venres, de 11:30 a 13:00 horas

Prezo:

- Novas Tecnoloxías I e Memoria: 15€/mes.
- Novas Tecnoloxías II e loga: 20€/mes.

Pagamento:

- Con carácter trimestral e por domiciliación bancaria.
- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

tificada.

Baixas:

- Deberán presentarse de forma presencial no rexistro municipal ou por sede electrónica antes do día 20 do mes anterior.

Máis información, bases e fichas de inscricións dispoñibles en www.boqueixon.gal.



Boqueixón sumará unha segunda Casa do Maior en Vigo

O DOG vén de publicar a concesión dunha axuda de 60.366 € a unha veciña de Boqueixón para a posta en marcha dunha Casa do Maior na parroquia de Vigo, que se sumará á existente en Loureda e dará servizo de coidado a persoas dependentes maiores de 60 anos, con transporte de balde e servizo de comedor.



O Grupo Santos avanza nos trámites para o campus de I+D

O Grupo Santos avanza nos trámites administrativos precisos para iniciar os traballos do campus de I+D que promove en Deseiro, nunha parcela de 85.000 m². Suporá unha inversión de 26,5 millóns de euros e a creación de máis de 800 empregos directos e indirectos no ano 2027.

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS ADULTOS E INFANTÍS. CURSO 2023/2024

Dirixido a: poboación adulta (a partir dos 16 anos) e infantil (mínimo 2º ciclo de Educación Infantil).

Duración: Adultos: comezo 18 de setembro ou 2 de outubro (a elixir) ata xuño de 2024 (salvo festivos). As infantís rexeranse polo calendario escolar.

Prazas: mínimo 10 participantes. Se o grupo queda reducido a menos de 8, anularase. Prazas limitadas con preferencia de empadroados en Boqueixón. As prazas cúbreanse por orde de rexistro de entrada ata completar grupo. Co resto de solicitudes farase unha lista de reserva que se irá incorporando á actividade na mesma orde.

Inscricións:

• Cubrindo a ficha (www.boqueixon.gal) e presentándoa presencialmente no Rexistro do Concello ou por sede electrónica.

• **O prazo de solicitude remata o 15 de setembro.** Unha vez finalizado, poden incorporarse novos participantes no caso de quedar prazas vacantes.

Prezos:

Adultos: 20 €/mes.

Ximnasia rítmica: 10 €/mes

Patinaxe: 25€/cuadrimestre

Pagamento:

• Trimestral, domiciliación bancaria.
• Non se reintegrará ningún importe sen causa xustificada.

Baixas:

• Deberán presentarse no rexistro municipal ou por sede electrónica an-

ACTIVIDADE	ESPAZO	DÍA E HORA
Pilates Espalda I	Ximnasio	Martes e xoves, 10:30-11:30 h.
Pilates Espalda II	Ximnasio	Mércores e venres, 19:00-20:00 h.
Pilates I	Ximnasio	Martes e xoves, 20:15-21:15 h.
Pilates II	Ximnasio	Martes e xoves, 21:30-22:30 h.
Pilates	Ledesma	Martes e xoves, 17:30-18:30 h.
Zumba	Ximnasio	Luns e mércores, 20:00-21:00 h.
Zumba	Lestedo	Martes e xoves, 21:30-22:30 h.
Zumba	Camporrapado	Luns e mércores, 19:00-20:00 h.
Ximnasia maiores	Ximnasio	Martes e xoves, 19:00-20:00 h.
Bailoterapia	Ximnasio	Luns e mércores, 19:00-20:00 h.

ACTIVIDADE	ESPAZO	DÍA E HORA
Circuito Saudable Maiores	Ximnasio	Martes e xoves, 9:30-10:30 h.
Cross Funcional	Ximnasio	Luns ás 19:00 h e venres ás 21:30 h.
GAP 30	Ximnasio	Luns, mércores e venres, ás 20:30 h.
Circuit Training	Ximnasio	Luns e mércores, ás 21:15 h.

ACTIVIDADE	ESPAZO	DÍA E HORA
Ximnasia rítmica I	Ximnasio	Luns e mércores, 14:30-15:30 h.
Ximnasia rítmica II	Ximnasio	Luns e mércores, 15:30-16:30 h.
Patinaxe Iniciación	Lestedo	Martes e xoves, 17:30-18:15 h.
Patinaxe Avanzado I	Lestedo	Martes e xoves, 18:15-19:00 h.
Patinaxe Avanzado II	Lestedo	Martes e xoves, 19:00-19:45 h.
Patinaxe Avanzado III	Lestedo	Martes e xoves, 19:45-20:30 h.

tes do día 20 do mes anterior.

Actividades de balde: as persoas usuarias do ximnasio ou inscritas en actividades deportivas para adultos

podrán asistir gratis a Circuito Saudable Maiores, Cross Funcional, GAP 30 e Circuit Training no ximnasio do Forte. Máis info: www.boqueixon.gal.

AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Luns
4

Cursos de inglés

Apertura do prazo de inscricións. Máis información en: www.boqueixon.gal

Venres
15

Fin de inscrición

Fin das anotacións nas actividades deportivas para adultos e infantís.

Venres
22

Fin de inscrición

Finalización do prazo de anotación nas actividades de cultura e benestar. Máis info: www.boqueixon.gal

Sábado
9

Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

Ás 9:30, 11:00, 12:00, 15:00, 16:00 e 17:30 horas
Inscricións en www.espeleoloxia.org/web/es/visitapicosacro

Sábado
16

Roteiro guiado ao Pico Sacro

Ás 10:00 horas
Organiza GDR Terras de Compostela. Prezo: 5€ (menores de balde). Inscricións en: <https://www.reservaonline.support/terrasdecompostela/index.html>

Sábado
23

Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro

Ás 9:30, 11:00, 12:00, 15:00, 16:00 e 17:30 horas
Inscricións en www.espeleoloxia.org/web/es/visitapicosacro

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com